

**PLAN DE
ATENCIÓN Á
DIVERSIDADE**

ÍNDICE

1 – XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

2 – IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS.

2.1 – Alumnado obxecto do Plan.

2.2 – Identificación das necesidades educativas.

2.2.1 – Actividades de inicio de curso

2.2.2 – Procedemento xeral para efectuar unha avaliación psicopedagóxica.

2.2.3 –Detección de novo alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de condicións persoais, de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou graves trastornos de personalidade ou conduta...

2.2.4 – Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

2.2.5. – Alumnado con altas capacidades intelectuais.

2.2.6 – Alumnado de incorporación tardía ó noso sistema educativo.

2.2.7 – Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lingua escrita, lingua oral, lectura, razonamentos lóxicos, etc).

2.3 – Necesidades detectadas.

2.3.1 – Alumnado.

2.3.2 – Recursos.

2.3.3 – Formación do profesorado.

3 – OBXECTIVOS DO PLAN.

4 – DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1 – Actuacións.

4.2 –Medidas de atención á diversidade.

4.2.1. –Medidas ordinarias.

4.2.2 – Medidas extraordinarias.

5- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

6 – CONCRECIÓN DA ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS

7 – MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

8 – CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO.

9 – PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

10–PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

1 – XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, concretado na Orde do 8 de setembro de 2021, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

A lei Orgánica 2/2006 de Educación de 3 de maio, modificada pola lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no seu artigo 121 establece que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais.

En consoancia con estes principios, a atención á diversidade configúrase como un principio fundamental do sistema educativo regulado polas citadas leis. Isto implica a esixencia de proporcionar unha educación axustada ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situación persoais.

Estas leis tamén establecen os principios que deben inspirar o noso Sistema Educativo (calidade, equidade, inclusión, flexibilidade, etc.) e a finalidade do mesmo: conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Este fin só se pode acadar se partimos do recoñecemento, a posta en valor e a atención á diversidade.

En consecuencia, a Comunidade Educativa debe asumir a pluralidade e diversidade como eixos vertebradores da acción educativa, potenciando e desenvolvendo medidas de resposta o máis eficaces posibles para todos os escolares, independentemente das súas condicións socio-familiares e culturais, así como do diferente potencial de aprendizaxe dos mesmos.

Partimos dun modelo de educación personalizada que, dende unha oferta curricular común, ofrece respostas diferentes e axeitadas ás diferentes capacidades, intereses e motivación do alumnado do noso centro.

Tendo en conta este marco referencial entendemos o **Plan de Atención á Diversidade** como o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle a toda o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas, todo elo tendo en conta a normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos.

O C.E.I.P. Palas de Rei de Lugo é un centro público de educación onde se imparten ensinanzas de educación infantil e educación Primaria, é dicir, o alumnado deste centro está comprendido entre os 3 anos e os 12. É dunha soa liña. En total hai 142 alumnos/as.

O nivel socio-económico das familias está situado dentro do nivel medio, non presentando dificultades económicas, aínda que hai familias, poucas, que presentan dificultades por ser familias desestructuradas ou por pertencer a ambientes económicos desfavorecedores.

O centro conta cun total de 18 mestres/as definitivos. Dentro do persoal non docente dispoñemos de 1 persoal cuidador auxiliar, dous conserxes, persoal de limpeza e persoal de comedor.

O noso centro conta con xornada continuada de 9:45 a 14:45 h. Tamén hai servizo de transporte e comedor.

O concello tamén oferta servizo de madrugadores dende as 8:00h.

2 – IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS.

Tendo en conta o alumnado e recursos persoais dos que dispón o centro, a detección e valoración de necesidades efectuémosla, como se explica con maior amplitude máis adiante, empregando a información proporcionado polos docentes, pola información aportada pola familia e por aquela outra información que ten o DO.

2.1 – Alumnado obxecto do Plan.

De xeito sintético, o plan vai dirixido a:

- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.
- Calquera outro alumno que nun momento dado requira unha atención específica.

2.2 – Identificación das necesidades educativas.

2.2.1 – Actividades de inicio de curso:

Cando un titor/a se fai cargo dun grupo novo, reunirase durante a primeira quincena de setembro coa titora ou titor anterior para recadar información e para coñecer as características do grupo e individuais do curso

Ó mesmo tempo o DO. achegará información sobre o alumnado que conte con informe psicopedagóxico ou outro tipo de informe, ben do DO ou do EOE., se os hai, transmitindo esa información relevante ao titor/a.

Ó comezo do curso, as actividades lectivas co alumnado, irán enfocadas á realización dunha avaliación inicial, baseándose nos criterios mínimos do curso anterior.

Esta avaliación inicial é unha medida ordinaria de atención á diversidade encamiñada a determinar o nivel xeral do grupo nas distintas áreas, así como as carencias individuais en cada unha delas. Aquel alumnado con neae que xa teña un diagnóstico, ben do DO, do EOE ou recoñecida unha discapacidade será atendido polos mestres especialistas de PT e AL dende o inicio de cada curso escolar.

2.2.2 – Procedemento xeral para efectuar unha avaliación psicopedagóxica.

Seguiremos basicamente os pasos que de seguido se detallan:

- O titor/a detecta a necesidade.

- O titor informará á familia sobre a necesidade de avaliación do seu fillo/a. Previamente a calquera actuación, a familia firmará a súa conformidade ou disconformidade (Anexo I). Logo o titor/a fará a solicitude de intervención, cubrindo Anexo II, que entregará ó xefe/a do DO do centro.
- O titor/a informará acerca da competencia curricular nas áreas instrumentais básicas, necesidades educativas, estilo de aprendizaxe, ademais doutros aspectos relevantes para a atención do escolar.
- A continuación o orientador/a realizará a avaliación.
- Acabada a mesma, informará sobre o resultado ao titor/a, quen informará ao resto do profesorado que lle da clase ao escolar. Ademais, informarase tamén á familia.
- Deixarase constancia por escrito nun informe de avaliación psicopedagóxica que formará parte do expediente escolar do alumno/a.
- Tomaránse as medidas oportunas segundo as necesidades detectadas.

2.2.3 –Detección de novo alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de condicións persoais, de discapacidade física, psíquica ou sensorial, graves trastornos de personalidade ou conduta...

Cando un mestre ou mestra detecta un escolar con problemática condutual ou de aprendizaxe significativo, poñerase en marcha un protocolo de actuación que implica unha reunión inicial do titor/a e/ou do xefe/a de estudos co orientador e, no seu caso, unha posterior avaliación psicopedagóxica.

Empregaremos os seguintes instrumentos e procedementos coa participación dos profesionais que se sinalan:

- Entrevista inicial do titor/a coa familia do alumno que inicia Educación Infantil.
- Observación do titor/a ao alumno/a
- Observación do profesorado que imparte clase no grupo.
- Valoración efectuada polo DO. a partir da demandado docente ou da familia.
- Derivación a outros servizos (EOE, pediatra, neuro-pediatra etc) co obxecto de clarificar ou delimitar o diagnóstico.

Os resultados obtidos do procedemento empregado determinarán:

- O tipo de apoio persoal ou material que necesita.
- Si necesitará unha adaptación curricular, e en que áreas.
- A coordinación entre o titor/a, o equipo docente, o profesorado de PT. e AL e o xefe/a de estudos.
- Os criterios de avaliación e seguemento do proceso.

A detección pode ter lugar en momentos anteriores á escolarización no centro educativo para o 4º Nivel do 2º Ciclo da Educación Infantil. Neste caso, unha vez que o alumno/a se incorpore ao centro a orientadora, en colaboración cos mestres/as de PT e AL e titor/a revisará todo tipo de informes e outra información que aportara a familia no momento da matrícula.

Cando se trata de alumnado que na súa solicitude optou a unha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en 4º de Educación Infantil o 1º da Educación Primaria, procederase da seguinte forma:

- O orientador efectuará unha avaliación psicopedagóxica inicial. Para elo revisará a información aportada polos pais para facer uso desta medida, logo fará unha valoración ao alumno/a e unha entrevista aos pais.
- Unha vez elaborado este informe, enviarase á Inspección Educativa, co fin de que se tramite a avaliación do especialista correspondente do EOE, que emitirá un informe dirixido á Comisión de Escolarización.

- Esta comisión determinará a conveniencia ou non da súa escolarización no centro solicitado.
- En caso afirmativo elaborárase un Ditamen de Escolarización para este alumno/a neste centro. Este ditamen será elaborado polo xefe/a do DO que pode pedir a colaboración do EOE. Neste ditamen quedarán reflectidas as súas necesidades e os recursos, tanto persoais como materiais, que precise.

2.2.4 – Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

Deste alumnado recollerase a seguinte información:

- Valoración do titor/a sobre a avaliación inicial realizada e especificación das materias que precisarían adaptación curricular significativa.
- Informe psicopedagóxico sobre o nivel aptitudinal, estilo de aprendizaxe e metodoloxía máis acorde coas características do alumno/a , que será elaborado polo orientador/a.
- Informe da situación socio-cultural e familiar do alumno/a, obtida mediante entrevista do titor/a e do orientador coa familia e outros organismos oficiais relevantes para o caso...

A partir desta información determinarase:

- Modalidade de apoio (Horarios, características da atención, etc).
- A necesidade de realizar adaptacións do currículo.
- Coordinación entre o profesorado.
- Criterios de avaliación e seguimento do proceso.

2.2.5. Alumnado con altas capacidades intelectuais.

Cando se detecta un posible caso de alta capacidade intelectual,ponse en marcha o mesmo protocolo de actuación que no caso anterior, adoptándose as medidas que se estimen máis axeitadas que contempla a nosa lexislación .

2.2.6 – Alumnado de incorporación tardía ó noso sistema educativo.

A persoa encargada da titoría xunto co profesorado especialista de área:

- Efectuará unha avaliación inicial e especificará as áreas que precisan de algún tipo de adaptación.
- Recollerá información sobre a situación socio-cultural e familiar do alumno/a, mediante entrevistas coa familia e outros organismos oficiais relevantes para o caso que nos ocupa.
- O orientador/a completará a información achegada, se fose o caso, fará unha valoración e emitirá un informe de avaliación psicopedagóxico sobre o nivel aptitudinal, estilo de aprendizaxe e metodoloxía máis acorde coas características do alumno/a.

A partir desta información determinarase:

- Incorporación ao curso máis adecuado
- Modalidade de apoio.
- A necesidade de deseñar medidas adaptadas.
- Coordinación entre o profesorado.
- Criterios de avaliación e seguimento do proceso.

2.2.7 – Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lingua escrita, lingua oral, lectura, razonamentos lóxicos, etc).

Este alumnado deberá contar con:

- Información recadada polo titor/a.

- Informe do orientador/a.
- Información socio-familiar obtida na entrevista realizada coa familia.
- Valoración do equipo docente sobre as materias nas que presenta dificultades.

A partir de toda esta información determinaranse as posibles medidas:

- Adaptacións curriculares que procedan.
- A modalidade de apoio ou reforzo.
- Tipos de actuacións educativas no grupo-clase.
- Coordinación do profesorado nas áreas nas que necesita reforzo.
- Criterios de avaliación e seguimento.

2.3. Necesidades detectadas.

2.3.1. Alumnado.

Cada curso escolar especificarase o número e as necesidades detectadas do alumnado a partir da avaliación inicial que se especificarán na PXA , poñendo en marcha as medidas oportunas .

2.3.2. Recursos.

O CEIP conta cunha orientadora compartida con outro centro, cunha mestra de PT e unha mestra de AL compartida un día tamén con outro centro.

O horario da mestra de AL vese moi reducido xa que a maiores do día que comparte dispón de 3 horas de itinerancia, co que queda insuficiente a atención de AL que ofrecemos aos nosos alumnos.

2.3.3. Formación do profesorado.

O centro está levando a cabo varios proxectos de formación en centro cunha participación moi significativa.

Precisariamos unha maior formación en todo o que se refire a atención á diversidade, fundamentalmente á intervención co alumnado con necesidades educativas especiais.

3 – OBXECTIVOS DO PLAN.

Pretendemos proporcionar ao alumnado en xeral unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social. Para ilo, propoñemos:

- Educar na tolerancia e respecto polas diferenzas.
- Procurar a inclusión educativa e social de todos os alumnos e alumnas do centro, especialmente dos que posúen neae.
- Promover unha atención máis axustada ás posibilidades de cada alumno e alumna.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, de actuación e de metodoloxía, adaptadas ás necesidades de cada alumno/a para que poda acadar os obxectivos mínimos.
- Incorporar accións cara a prevención das dificultades de aprendizaxe na área da linguaxe fundamentalmente.
- Coordinar o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Organizar o sistema de apoios e reforzos basándonos nuns criterios claros para favorecer a integración do alumno/a no grupo clase.

- Establecer pautas de coordinación entre todos os profesionais implicados no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Optimizar a distribución de recursos humanos cos que conta o centro para atender a todas as necesidades se é posible.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e asociacións, respectando o protocolo de actuación.
- Favorecer a participación e colaboración das nais e pais no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

4 – DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1 – Actuacións.

O centro educativo, no exercicio da súa autonomía e singularidade, debe establecer as actuacións que levará a cabo para adecuar a resposta educativa á diversidade. Contemplamos as seguintes actuacións:

- Na distribución das aulas para cada grupo terase en conta a presenza de alumnado con posibles dificultades derivadas de nee (discapacidade visual, motora, etc), que puidesen necesitar determinadas condicións espaciais, de iluminación, cercanía aos baños, mobiliario adaptado , recursos técnicos, etc.
- A organización dos horarios terá en conta ao alumnado que recibe asistencia médica externa (HULA, Equipo de Atención Temperá, etc) para minimizar as posibles repercusións que esta asistencia poidera ter no seguimento normal do currículo por parte do alumno/a.
- Favorecer a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Potenciar a acción tutorial
- Promover a implicación da nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias na atención á diversidade.
- Adoptar todas aquelas medidas que favorezan a atención á diversidade do alumnado, no marco establecido polos órganos competentes.

4.2 – MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias

4.2.1. –Medidas ordinarias.

Son todas aquelas medidas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo ao contexto socio-cultural dos centros educativos e ás características de todo o alumnado, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Teñen como finalidade dar respostas ás diferenzas que presenta o alumnado en canto a competencia curricular, motivación, intereses, estratexias, estilo e ritmo de aprendizaxe, para que todos os alumnos e alumnas poidan acadar os obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade contemplamos as seguintes:

- **Adecuar a programación de aula á diversidade.**

A resposta á diversidade non consiste en adoptar medidas dirixidas a uns poucos alumnos/as, senon en contemplar e reflectir as distintas capacidades, motivacións, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe nas programacións didácticas. Polo tanto antes de decidir outras medidas máis específicas ou extraordinarias cun alumno/a , é preciso ter en conta a diversidade dende as programacións de aula, que é o espazo no que deben estar as primeiras medidas directas.

Estas medidas están destinadas a calquera alumno/a que nun momento determinado non pode seguir o ritmo normal da clase ou ten dificultades puntuais nun tema ou nuns contidos determinados. Non suponen variación nos elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) do curso no que se atopa.

Como exemplos e suxerencias destas medidas podemos citar:

- Adecuación de obxectivos e contidos:
 - Concretar e priorizar os obxectivos e contidos espresados para o curso, sinalando os mínimos en cada unidade didáctica.
 - Priorizar os obxectivos e contidos en base á súa importancia para futuras aprendizaxes, a súa funcionalidade e a súa aplicación práctica ...
 - Priorizar os obxectivos e contidos tendo en conta o nivel socioculturais, desenvolvemento lingüístico, ritmos e estilos de aprendizaxe... centrándose nos contidos procedimentais, principalmente.
 - Prever a posibilidade de modificar a secuencia e temporalización de obxectivos e contidos para afianzar as aprendizaxes e conseguir maior grao de significación e respecto dos distintos ritmos.
- Adecuación das actividades de ensinanza-aprendizaxe:
 - Diseñar actividades que teñan diferente grao de realización e dificultade.
 - Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido e/ou actividades de reforzo para afianzar os contidos mínimos.

Propoñer actividades que permitan distintas posibilidades de execución.

- Propoñer actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos: pequeno grupo, gran grupo, individual.
- Planificar actividades de libre execución por parte do alumnado segundo os seus intereses.
- Planificar actividades que faciliten a manipulación, e que teñan aplicación na vida cotiá para relacionar o estudado co entorno e darlle maior significatividade.
- Adecuación dos criterios metodolóxicos e métodos pedagóxicos:
 - Distribución heteroxénea do alumnado.
 - Plantexar sesións onde se alternen a explicación da teoría coa realización de exercicios prácticos.
 - Priorizar métodos que favorezan a expresión directa, a reflexión, a comunicación e o descubrimento.
 - Adecuar a linguaxe do material de estudo segundo o nivel de comprensión do alumnado.
 - Seleccionar técnicas e estratexias metodolóxicas que sendo útiles para todo o alumnado, tamén o sexan para os que presentan dificultades de aprendizaxe e necesidades específicas de apoio educativo.
 - Favorecer o tratamento globalizado e interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe buscando a xeneralización.

- Partir das motivacións e intereses do alumnado.
- Fomentar un bo clima de relación social.
- Reforzar os puntos fortes e minimizar as áreas de mellora.
- Favorecer o uso de distintos materiais e recursos para que podan manipular e experimentar.
- Empregar distintos espazos e recursos dentro e fóra da aula.
- Adecuación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación:
 - Realizar unha avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Introducir a avaliación de contexto da aula.
 - Concretar e/ou facilitar os contidos mínimos que deben estudar.
 - Plantexar modificacións na forma de preguntar nas probas de avaliación.
- Adecuación da aula:
 - Distribución do mobiliario na aula para mellorar a accesibilidade e a optimización da iluminación.
 - Distribución do alumnado dentro da aula tendo en conta a ubicación dos distintos recursos.

- **Aulas de atención educativa e convivencia.**

O centro está en proceso de elaboración do plan de convivencia adaptándose á nova lei de convivencia. Dispoñemos de espazo onde poder ubicar unha aula destinada á atención educativa e convivencia.

As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas que se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.

A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con disponibilidad horaria.**

Está destinado para o alumnado con expectativas de progreso semellante ás dos seus compañeiros/as de nivel, pero que por razón de motivación, interese, ritmo de aprendizaxe ou outras, acadan os obxectivos máis tarde que o resto.

Van dirixidas, polo tanto, os alumnos e alumnas que presentan:

- Dificultades de aprendizaxe en aspectos básicos e instrumentais do currículo e non teñen hábitos de traballo e de estudo.
- Avaliación negativa nalgúns áreas no curso anterior ou non promocionan de curso.
- Algunha circunstancia que o titor/a considere xustificada para a inclusión nesta medida.

Poden darse tres liñas básicas de actuación:

- Apoio ao profesor/a.

- Apoio a todos os alumnos/as da aula.
- Apoio dirixido a un ou varios alumnos/as.

O reforzo educativo debe de ser planificado conxuntamente polos dous profesores/as que interveñen, establecendo as funcións e tarefas a desenvolver co alumnado, aínda que de xeito flexible.

Terá como finalidade recuperar hábitos de traballo ou coñecementos non adquiridos en caquera das áreas para lograr o éxito escolar. Suporá, sobre todo, introducir modificacións metodolóxicas adaptadas ás características do alumnado, segundo a programación de aula.

O reforzo educativo será organizado e aplicado de forma prioritaria polo profesor titor/a da aula ordinaria, ou mestres de área, coa colaboración doutros profesores/as con dispoñibilidade horaria e coa aportación do DO. sempre que sexa demandado.

Esta medida levarase a cabo sempre dentro da aula ordinaria.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo. (Anexo 1)

- **Programas de enriquecemento curricular.**

A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inxedanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

Será o equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais.

Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

- **Permanencia dun ano máis en educación primaria. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.**

A decisión adoptarase tendo en conta os criterios mínimos de avaliación do curso e os criterios de promoción que figuran na programación didáctica. Esta decisión tomaraa o titor/a logo de oír a todo o equipo docente que imparte clase nese curso e do orientador/a, nuha reunión presidida polo xefe/a de estudos, e logo de ser informados o pai/nai ou o representantes legais.

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

- **Programas de recuperación.**

Para aquel alumnado que promociona sen superar os obxectivos en algunha materia. A súa finalidade será favorecer a adquisición de obxectivos e contidos de cursos anteriores.

Será responsabilidade do titor/a e mestres de área, coa colaboración, se é preciso, do departamento de orientación e en coordinación coa xefatura de estudos.

- **Desdobramentos nas áreas instrumentais:**

Teñen como finalidade consolidar os contidos básicos das áreas instrumentais.

Están destinados para os cursos con maior número de alumnos/as.

A principio de cada curso escolar, tras valorar a plantilla e horario do profesorado polo xefe/a de estudos e en coordinación co orientador/a determinarase o horario de atención destes cursos, procurando que interveñan o menor número de profesorado. Durarán todo o curso.

As persoas que interveñan coordinaranse e farán un seguimento de forma periódica, realizando os axustes pertinentes.

- **Programas de habilidades e competencias sociais**

As competencias e as habilidades sociais representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, o centro desenvolverá un programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado, nos que se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas e as materias, e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

Igualmente, de conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Estes programas formarán parte do Plan xeral de atención á diversidade, e o seu seguimento e a súa avaliación realizaraos o departamento de orientación, xunto co devandito plan.

4.2.2 – Medidas extraordinarias.

Son aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Segundo a normativa vixente, enténdese por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou previsións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais .

Estas medidas requiren modificacións significativas do currículo no referido aos obxectivos, contidos, modificacións da modalidade de escolarización ou cambios esenciais no ámbito organizativo.

Estas medidas extraordinarias aplicaranse unha vez agotadas as medidas ordinarias ou por resultar estas insuficientes. Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Contemplamos as seguintes medidas extraordinarias:

- **Adaptacións curriculares:**

As adaptacións curriculares suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á que deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidírase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, e xuntaráselle copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo Servizo Territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirles a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estean escolarizados o alumno ou a alumna.

- **Agrupamentos flexibles.**

Consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita unha atención máis individualizada.

Terán carácter temporal e deberán contar coa correspondente autorización da Inspección Educativa ou da Xefatura Territorial. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria, é dicir, en quinto e sexto.

- **Apoio do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.**

Este profesorado intervirá nos casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo cando se especifique no correspondente informe psicopedagóxico ou no ditame de escolarización se o teñen, sen prexuício de que atendan a outro alumnado sempre que a súa disponibilidade horaria o permita.

A intervención destes especialistas de PT e AL efectuarase tanto na aula ordinaria coma fóra da mesma, segundo os aspectos sobre os que se interveña, atendendo as súas funcións e en coordinación co profesorado titor/a.

Son alumnos/as destinatarios destes apoios os seguintes:

- Alumnado que teña un diagnóstico médico dalgún trastorno que implique necesidade educativas especiais, permanentes ou temporais, de apoio educativo.
- Alumnado que estén seguindo unha adaptación curricular significativa.
- Alumnado que presente déficit nas habilidades lingüísticas ou trastornos de fala e que teñen incidencia na lecto-escritura.
- Alumnado que presente dificultades específicas na aprendizaxe cun desfase curricular importante nas áreas de lectura, escritura e cálculo.

- Alumnado con necesidades específicas por altas capacidades que teñan AC.
- Alumnado que presente problemas emotivo-relacionais e /ou de conduta.

Ao comezo de cada curso o departamento de orientación fará a proposta da organización da atención ao alumnado con neae por parte do profesorado de PT e AL, en coordinación coa xefatura de Estudos e do profesorado de PT e AL, tendo en conta a información aportada polo departamento de orientación, o titor/a e os mestres especialistas.

Para a súa organización teranse en conta os seguintes criterios metodolóxicos:

- A organización dos apoios e a distribución horaria será variable e flexible segundo a evolución do alumnado e a dispoñibilidade horaria do profesorado.
- O titor ou titora en colaboración co profesor/a de apoio deseñarán as actividades que se van a realizar.
- O profesor/a de PT realizará os apoios dentro ou fóra da aula ordinaria, individuais ou en grupos de dous/tres alumnos/as, tendo en conta as características e necesidades que presente o alumnado. Fóra da aula ordinaria sempre se traballarán obxectivos e contidos complementarios aos da aula.
- O profesor/a de AL realizará os apoios na aula de AL, agás que as necesidades do alumnado requiran levar o apoio dentro da aula ordinaria.
- O profesorado de apoio aportará información a cada titor/a para realizar a avaliación do alumnado co que están traballando.
- A intervención con este alumnado planificarase elaborando un **plan de intervención** que recolla o nivel competencial, os obxectivos a traballar, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, entre outros aspectos.
- Os pais e nais serán informados polo titor/a das medidas adoptadas e deberán dar a súa conformidade por escrito no Anexo III, que se lle dará a asinar.
- O alumnado que presente problemas graves de conduta e que contén con informe poderán recibir apoio por parte do profesorado de PT ou AL para traballar habilidades sociais.
- O alumnado que reciba apoio na aula de PT e AL non poderá exceder dun tercio do horario escolar (8 horas semanais).
- Ao finalizar o curso, cada un dos especialistas de PT e AL redactará un informe escrito de cada un dos alumnos/as atendidos, que será arquivado na carpeta que o DO ten de cada alumno/a e tamén no seu expediente académico que hai en Secretaría.

Criterios prioritarios de intervención para a atención do alumnado polo profesorado especialista de PT e AL.

1. Atenderase ao alumnado que presente necesidades educativas especiais, tanto polo especialista de PT como de AL.
2. No caso de quedar con horario dispoñible, o profesorado de PT atenderá a outro alumnado con necesidades específicas de apoio educativo coa seguinte orde de prioridade:
 - Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
 - Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
 - Dificultades por condicións persoais ou de historia escolar.
 - Alumnado con altas capacidades intelectuais que teñan AC.
3. No caso de quedar con horario dispoñible, na especialidade de AL a prioridade estará determinada polo tipo de dificultade que presente o alumnado con neae, na seguinte orde:
 - Problemas de comunicación.

- Problemas da linguaxe.
- Por último, as dificultades relacionadas coa fala, neste caso, atenderase primeiro aos alumnos/as de máis idade.
- Sempre que a disponibilidad horaria o permita, levarase a cabo un Programa de Estimulación da Linguaxe na etapa de educación infantil por parte da especialista de AL. De non poder ser nos tres cursos, farase seguindo a orde de prioridade: 6º de EI, 5º de EI e 4º de EI.

- **Flexibilización do periodo de escolarización.**

É una medida extraordinaria que consiste na permanencia dun curso máis en calquera das etapas educativas e no adianto de curso ou redución da duración dunha etapa.

Empregamos a permanencia excepcional e adianto de curso ou redución da duración dunha etapa educativa co alumnado co necesidades específicas e alumnado de altas capacidades , seguindo o establecido na normativa :Decreto 129/2011, art. 17 e Orde do 8 de setembro de 2021,art. 58.

Procedemento xeral para solicitar a flexibilización:

Seguimos as instrucións ou criterios establecidos pola Administración Educativa:

- O titor/a, ou os pais do alumno/a demandarán no centro a flexibilización da duración do periodo de escolarización.
- Elaboración dun Ditame de Escolarización por parte do Departamento de Orientación do centro que pode pedir colaboración ao EOE de Lugo, no que fará constar os motivos da flexibilización e os recursos necesarios. Este ditamen deberá contar coa conformidade dos pais ou titores legais do alumno/a.
- Solicitud de autorización para a flexibilización á Dirección Xeral de Educación a través da inspección da nosa zona. Esta Dirección Xeral terá que emitir un informe correspondente.
- **Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para una asistencia continuada a un centro educativo:**
 - Alumnado que por razón de enfermidade está convalecente no domicilio quince ou máis días e, tendo en conta a normativa que establece a Consellería de Educación, poderá recibir unha atención educativa mediante pautas e actividades propostas dende o centro para así evitar un desfase importante en canto a obxectivos e contidos de nivel. Farase unha solicitude a través do centro acompañada de xustificación médica e psicopedagóxica que se remitirá á respectiva Administración Educativa quen terá que autorizar dita medida.
 - Alumnado pertencentes a familias itinerantes. A Consellería de Educación facilitará a escolarización deste alumnado nos centros do contorno onde itenera a familia e coas medidas de atención á diversidade que procedan, co fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe.
- **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.**

Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun **grupo de adquisición das linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular** se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas

linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao centro farase a avaliación inicial, que, de estimarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Todas as medidas facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

Estas medidas necesitan autorización da respectiva administración educativa.

5- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

A aula onde esté escolarizado o alumno/a será o referente para diseñar as medidas de resposta. Por este motivo é necesario contemplar na programación de aula as necesidades de todo o alumnado do grupo, e de xeito especial, as adaptacións do currículo para o alumnado que as precise.

A detección do alumnado xa escolarizado no centro susceptible de medidas específicas de apoio realizaraa o titor/a, adaptando a resposta educativa a través das medidas ordinarias. Cando estas medidas non sexan suficientes e se considere preciso empregar medidas extraordinarias, derivarase, para realizar unha avaliación psicopedagóxica por parte do departamento de orientación. A partir da citada avaliación deseñarase unha resposta educativa adaptada ás necesidades que se determinen, contando con todos os recursos tanto persoais como materiais disponibles.

- Cando as condicións e necesidades do centro o permitan, o profesorado dedicará parte das súas horas libres lectivas á atención de alumnado de reforzo, preferiblemente do nivel en que imparte clase.
Estes reforzos preferentemente faranse dentro da aula. Intentarase que un mesmo alumno/a sexa atendido polo menor número posible de profesorado.
- Os apoios ao alumnado con neae efectuaranse tanto dentro como fóra da aula ordinaria, segundo as necesidades de intervención e as posibilidades organizativas.
- Os agrupamentos para a intervención fóra da aula ordinaria con alumnado con neae e/ou con discapacidades específicas realizaranse segundo as necesidades educativas do alumnado co que se intervén e os recursos disponibles.
- Sempre que sexa posible, traballarase individualmente fóra da aula ordinaria nos casos que pola súa problemática non sexa adecuado o agrupamento de alumnado: por dificultades de atención, pola especificidade do traballo a realizar ou por problemas de conduta.
- Priorizarase o traballo nas áreas instrumentais.
- Como norma xeral, o alumnado con necesidades educativas máis importantes, recibirá maior número de horas de apoio.
- Cando o permita a organización do centro, os apoios realizaranse en horas que non sexan de especialidades.
- Sempre que se poida, procurarase adaptar o horario de clase ordinaria, exceptuando o das especialidades, para facilitar traballar a mesma área co alumnado que queda en clase e co que se apoio fóra.

- Ó remate de cada curso, de cara á organización do seguinte, levarase a cabo unha previsión sobre a cantidade de horas de apoio para os escolares, en función das necesidades.

6 – CONCRECIÓN DA ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS:

6.1- Profesores/as-titores/as e de área:

- Poñer en práctica as actuacións recollidas no Plan de Acción Titorial.
- Adecuar programacións de aula á diversidade.
- Detección de necesidades.
- Demanda de intervención do DO.
- Participar na elaboración e aplicación doutras medidas de atención á diversidade (ordinarias e / ou extraordinarias) conforme ao estipulado para cada unha.
- Seguimento da evolución do alumnado con neae.
- Levar a cabo programas de prevención.
- Elaboración das AC.
- Elaborar programas de reforzo para o alumnado que promociona con materias pendentes.
- Coordinarse co equipo de profesores/as que interveñen no seu grupo.
- Coordinarse co orientador/a cando haxa intervención do DO.
- Control de asistencia ao colexio.
- Participar nas sesión de avaliación valorando o progreso do grupo e de cada alumno/a, así como das medidas aplicadas ou da necesidade de aplicar outras.
- Informar aos pais das medidas tomadas.

6.2 – Profesorado de PT.

- Elaborar e poñer en práctica o plan de intervención co alumnado co que vaia a traballar.
- Apoio ó alumnado con necesidades específicas permanentes ou temporais.
- Apoio ó alumnado con AC.
- Apoio ó alumnado que presenta problemas emotivo-relacionais e/ou de conduta.
- Colaborar co profesorado ou co titor/a na elaboración de materiais adaptados ás necesidades do alumnado atendido.
- Facer un informe escrito a final de curso sobre cada un dos casos atendidos.
- Manter reunión de coordinación co orientador/a e co xefe/a de estudos para planificar e facer seguimento dos seus apoios.
- Colaborar co profesorado titor/a na relación coas familias.
- Participar nas sesión de avaliación do alumnado ao que atende.

6.3 – Profesorado de AL.

- Elaborar e poñer en práctica o plan de intervención co alumnado co que vai a traballar.
- Apoio ó alumnado que presentan trastornos da linguaxe, da fala que teñan incidencia na lecto-escritura, con déficit nas habilidades lingüísticas .
- Apoio ó alumnado con deficiencias na adquisición do proceso lecto-escritor
- Apoio ó alumnado con AC.
- Estimulación da linguaxe oral como prevención de dificultades.
- Realizar valoracións das necesidades educativas do alumnado relacionadas coa comunicación e a linguaxe.

- Colaborar co profesorado e co titor/a na elaboración de materiais adaptados ás necesidades do alumnado atendido.
- Facer un informe escrito a final de curso sobre cada un dos casos atendidos.
- Manter reunión de coordinación co orientador/a e co xefe/a de estudos para planificar e facer seguimento dos seus apoios.
- Colaborar co profesorado titor/a na relación coas familias.
- Participar nas sesión de avaliación do alumnado ao que atende.

6.4 – Profesorado de apoio a Educación Infantil.

- Apoio ao grupo clase, segundo as necesidades de cada grupo.
- Apoio no periodo de adaptación na aula de 3 anos.

6.5 – Departamento de orientación – Orientador/a.

- Detección de necesidades.
- Atender as demandas de valoración presentadas ante o DO.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas cos informes correspondentes, así como a súa revisión e /ou actualización coa periodicidade establecida.
- Propoñer as intervencións do profesorado de PT e AL.
- Colaborar na planificación e desenvolvemento das medidas ordinarias e extraordinarias que precisan a súa intervención ou asesoramento.
- Efectuar a orientación sobre a modalidade de escolarización oportuna e os recursos persoais e materiais necesarios.
- Manter comunicación e colaboración cos servizos externos que actúen sobre o alumnado do centro (servizos sociais e sanitarios) para realizar a coordinación e seguimento das distintas actuacións, emitindo informes si é preciso...
- Solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico cando sexa preciso.
- Informar ás familias dos resultados da avaliación psicopedagóxica, ditamen se procede, así como das orientacións oportunas.
- Colaborar nas actuacións que se realicen en relación co absentismo.
- Colaborar co profesorado titor/a na relación coas familias.
- Manter reunións de coordinación entre os profesionais de PT, AL e xefe/a de estudos para planificar e facer seguimento dos apoios que están a realizar.
- Participar nas sesións de avaliación de todo o alumnado.
- Coordinarse co xefe/a de estudos para a planificación das distintas actuacións.

6.6 – Equipo directivo do centro.

- Detectar as necesidades de recursos persoais e materiais.
- Velar polo cumprimento do PXAD, a súa avaliación e revisión anual.
- Designar ao profesorado con dispoñibilidade horaria para os reforzos e os grupos susceptibles de recibir este reforzo, en coordinación co xefe/a do DO e xefe/a de estudos
- Autorizar as medidas extraordinarias que sexan da súa competencia.
- En coordinación co DO e xefe/a de estudos., distribución horaria dos distintos apoios, calendario de reunións do profesorado de apoio e os titores/as.
- O/a Xefe/a de estudos coordinará as reunións para decidir a pertinencia ou non da elaboración de AC.

6.7 - Comisión de coordinación pedagóxica.

- Revisión e seguimento do PXAD.
- Aprobación dos horarios de apoio e propostas do equipo directivo, departamento de orientación e profesorado de apoio.
- Valoración das liñas de actuación e avaliación do plan.

6.8 – Claustro.

- Aprobación do PXAD.

6.9 – Consello escolar.

- Aprobación do PXAD.

6.10 – Persoal auxiliar coidador

- Atención ao alumnado con necesidades específicas según se determina nas funcións que establece a Orde do 8 de setembro de 2021(art. 80)

7 – MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Como centro de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Educación, cumprimos coas reunións periódicas establecidas para os distintos órganos de coordinación: equipos de dinamización, departamento de orientación, comisión de coordinación pedagóxica, actividades extraescolares, claustro e consello escolar. Realizamos tamén as seguintes coordinacións.

- Para realizar o seguimento de cada caso.
- Sesións trimestrales de avaliación en todas as etapas e cursos.
- Reunións co IES ao que está adscrito este colexio de educación Infantil e Primaria, para intercambios de información e coordinación, sempre que se considere oportuno e polo menos unha vez ao final de cada curso para preparar o cambio de etapa do alumnado de 6º de Educación Primaria.

8 – CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO.

É moi importante que as nais, país ou titores legais do alumnado compartan o esforzo educativo e que se impliquen en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do noso alumnado, particularmente no ámbito referido á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia.

8.1 – Familias:

- Reunión de acollida no mes de xuño para as familias dos nenos/as que comezan a súa escolaridade en 4º de educación infantil.
- Reunións iniciais do titor ou titora coas familias, para comentar a normativa e a dinámica a seguir durante o curso.
- Reunións de seguimento, con periodicidade variable segundo os casos, nas que poden participar, ademáis do profesorado titor/a, os profesionais especialistas e o orientador/a.
- As familias dispoñen dun horario de atención individual, por parte do titor/a ou profesorado especialista, que no noso centro é todos os luns de 16:10 a 17:10, previa petición de cita.

- Cada titor/a, coa participación e colaboración, si se demanda, do profesorado de apoio e do DO., pedirá colaboración ás familias para reforzar aqueles aspectos que se consideren necesarios (lectura, escritura, cálculo,...) de forma especial con aqueles alumnos e alumnas que o precisen.
- Trimestralmente, mediante o boletín de notas as familias son informadas dos resultados acadados polos seus fillos/as.

8.2 – Servicios externos:

Debido a que no centro está escolarizado alumnado que recibe tratamento ou que interveñen profesionais externos , é imprescindible manter contactos periódicos cos mesmos. Sendo os máis destacados:

- Servicios Sociais do Concello, faranse reunión cos servicios sociais de atención primaria para detectar alumnado con necesidades e valorar as medidas que son necesarias para intervir.
- Asociacións que prestan atención ao alumnado con necesidades especiais.
- Servizo de pediatría e Atención temperá.
- Equipo de Orientación Específico.

Demandar a intervención dos especialistas do EOE de Lugo sempre que se precise ou buscar o seu asesoramento para atender as necesidades específicas do alumnado.

O procedemento a seguir para solicitar esta intervención será:

- Analise das dificultades e necesidades do alumno obxecto de intervención dende o centro.
- O orientador/a do centro solicitan a intervención do EOE cubrindo o formulario elaborado para tal efecto, que se mandará ao noso inspector/a quen o pasará ao EOE.
- Facilitar a información que demanden os especialistas do Equipo sobre o alumno/a.

9 – PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O presente plan estará suxeito a un proceso continuo de seguimento e avaliación de tal forma que, anualmente, estableceranse as modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado escolarizado.

Con carácter xeral, a avaliación realizarase ao final de cada curso por parte do DO e da CCP. Se se considera necesario, pódense levar a cabo avaliacións parciais sobre aspectos ou plans concretos que se detecten con mal funcionamento.

9.1 – Órganos implicados na avaliación:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Departamento de Orientación.
- Dirección.
- Claustro.
- Consello Escolar.

9.2 – Indicadores de avaliación.

- Necesidades detectadas.
- Grao de consecución de obxectivos do plan.
- Idoneidade das medidas de atención adoptadas.

- Dificultades atopados para levar a cabo as medidas.
- Grao de implicación na aplicación das distintas medidas por parte do profesorado.

9.3 – Instrumentos para avaliar o plan:

- Reunións dos distintos órganos docentes.
- Documentos elaborados.
- Memoria final de curso.

10–PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.



ANEXO I

AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA. (Intervención do Departamento de Orientación)

Don/a.....con...DNI.....
pai/nai ou titor legal do alumno/a,
escolarizado no curso da Educación do CEIP Palas de Rei fun informado/a da
conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de
Orientación deste centro, co fin de valorar as necesidades educativas que poida presentar e que
permita a adopción das medidas de atención educativa oportunas.

POLO QUE:

- AUTORIZO a intervención da orientadora.
- NON AUTORIZO a intervención da orientadora.

E para que conste asino a presente solicitude.

Palas de Rei a de de 20

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(sinatura)



ANEXO II

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

D/Dona.....

En calidade de (titor/a, nai, pai...).....SOLICITO do Orientador/a do centro,
unha intervención e orientación do alumno/a:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

APELIDOS E NOME:

DATA DE NACEMENTO:

CURSO:.....

ESPECIFICACIÓN E CONCRECIÓN DA DEMANDA AO DO.

.....
.....
.....
.....

Palas de Rei a de de 20

O/A pai/nai, ou titor/a

Asdo:.....



ANEXO III

**AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE
 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

D/D^a.....,
 Con DNI..... en calidade de pai/nai ou titor/a legal (risque o
 que non proceda), do alumno/a
matriculado neste centro en de
, fun informado/a das necesidades educativas que
 presenta o meu fillo/a e das medidas de atención educativa que se propoñen para o seu
 mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo. Ditas medidas son as
 que se indican a continuación:

- Apoio educativo/audición e linguaxe dentro e/ou fóra da aula

Polo que,

- AUTORIZO**
- NON AUTORIZO** (Declaro que fun informado/a da necesidade de aplicar as referidas medidas de atención educativa)

....., de de 20....

O pai, nai ou titor/a legal
 (Sinatura)



ANEXO IV

INFORME FINAL DE INTERVENCIÓN. MESTRE DE PT/AL

1. AUTOR/A DO INFORME

Apelidos:	Nome:
Mestre/a de: A.L. P.T.	

2. IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO/A:

Apelidos:	Nome:
Data de nacemento:	Etapa/Curso:
Intervención:	

3. RESUMO DA INTERVENCIÓN

(Ámbitos de intervención, medidas de reforzo e apoio...)

4. AVALIACIÓN ACTUAL. PREVISIÓN

(Indicar si se considera que este alumno/a debe seguir, ou non, con apoio educativo. Si se considera que si xustificar en que áreas ou áreas, mediante qué modalidade (dentro da aula ordinaria, fóra, mixta) e número de horas. E se considera que xa non é necesario dito apoio educativo deixar constancia por escrito da súa alta).

En Palas de Rei, a _____ de _____ do 201__

Asdo:



ANEXO V

AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

D/Dna: _____

con DNI: _____ pai/nai ou titor/a do alumno/a _____

_____ matriculado en _____

curso de Educación _____ no CEIP de Palas de Rei:

- AUTORIZO
- NON AUTORIZO

a intervención do Equipo de Orientación Específico de Lugo.

Palas de Rei, ____ de _____ de 201



**SOLICITUDE DE COPIA INFORME DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN EN
RELACIÓN Á ESCOLARIZACIÓN NESTE COLEXIO**

D/Dña.....con DNI.....

nai/pai ou titor/a do alumno/a.....

matriculado encurso de Educación.....no CEIP de Palas de Rei,

solicito ao Departamento de Orientación do centro información sobre a escolaridade do
nen/a para os efectos que considere oportunos.

Enade.....de.....

Asdo: